

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004551	IES Illa de Tambo	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	16
4.2. Materiais e recursos didácticos	17
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	18
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	18
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

Tal como se recolle no PEC do Centro, o IES Illa de Tambo ten uns 500 alumnos/as e atópase no concello de Marín, na comarca do Morrazo, cunha poboación duns 25000 habitantes. É unha vila moi próxima á capital de Pontevedra, feito que incide en que a lingua predominante no contorno do Centro sexa o castelán; o galego é unha lingua residual para a maioría do alumnado que en moitos casos, non ten contacto con ela dentro da súa familia.

Por iso deducimos que a transmisión xeracional se está rompendo: hai algúns "avós" que aínda conservan o galego como lingua habitual, pero esta realidade cambia na maior parte dos "pais"; como resultado podemos concluír que hai unha altísima porcentaxe de rapaces/as que non escoita nunca falar en galego nas súas casas e que, probablemente, o único contacto que teñan coa lingua galega procede do centro escolar. Esta situación ocasiona no alumnado actitudes diglósicas, tamén actitudes negativas verbo da súa lingua e da súa cultura; chegando, incluso, ao auto-odio, co rexeitamento máis absoluto.

Non podemos tampouco esquecer a presenza, aínda que sexa nunha porcentaxe moi minoritaria, de alumnado de etnia xitana que é castelán-falante e rexeitan a lingua e os alumnos/as doutras nacionalidades (marroquís sobre todo) que se atopan cunha dobre dificultade.

A isto cómpre engadir a heteroxeneidade que presenta o alumnado, sobre todo na ESO, no que concirne ao nivel de desenvolvemento das competencias básicas, xa que algúns alumnos presentan deficiencias pola falta de interese pola aprendizaxe ou pola actitude de rexeitamento ao esforzo persoal.

Estes datos foron importantes para a elaboración da programación, tanto na ESO como no Bacharelato, xa que se realizou tendo en conta a necesidade de eliminar a situación de diglosia e as actitudes negativas que aínda perviven cara o proceso de normalización da lingua, orientándoa sempre ao progreso na auto-estima e proporcionarlle ao alumnado a formación, a madurez intelectual e humana e as habilidades que lle permitan desenvolver as funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia, tendo sempre en conta que o fundamental é que os rapaces e rapazas se acheguen á cultura e á sociedade do mundo actual globalizado desde unha óptica claramente galega e só se se parte do coñecemento profundo do seu propio mundo e da súa lingua propia acadarán estes obxectivos.

O departamento de Lingua e Literatura Galega do noso centro está formado por catro docentes con horario completo e dous deles ocúpense de impartir 3º de ESO.

Por último tamén podemos engadir que nesta materia hai unha porcentaxe moi alta de aprobados, que soe flutuar en torno ao 90%.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As linguas e os seus falantes	<p>Nesta unidade didáctica estudaranse, ao longo do curso, diversos temas de léxico, historia da lingua e mais sociolingüística. Con isto preténdese tanto o autocoñecemento da propia realidade (e, en consecuencia, a eliminación de prexuízos) como o enriquecemento do propio léxico.</p> <p>1ª avaliación: os deportes, os xentilicios, a cidade, os antónimos, as lembranzas, os antropónimos.</p> <p>O nacemento da lingua galego-portuguesa medieval, o galego lingua románica e as</p>	25	24	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	As linguas e os seus falantes	<p>linguas da Península ibérica.</p> <p>2ª avaliación: medos e arrepíos, o dicionario, os animais, os campos semánticos, a saúde e as doenzas, os neoloxismos.</p> <p>O galego medio, a lusofonía e as variedades do galego.</p> <p>3ª avaliación: o cine, os préstamos, a paisaxe natural, os campos semánticos, a publicidade.</p> <p>A lingua estándar e os desvíos, rachando prexuízos lingüísticos e o plurilingüismo e a normalización lingüística.</p>	25	24	X	X	X
2	A comunicación oral	<p>O obxectivo desta unidade didáctica é que o alumnado comprenda a lingua oral e sexa capaz de facer exposicións coherentes. Tamén buscará afondar na realizacións de debates respectuosos e no uso dunha linguaxe non discriminatoria.</p>	10	15	X	X	X
3	A comunicación escrita	<p>A función desta unidade didáctica é conseguir que o alumnado sexa capaz de interpretar e producir textos escritos de diferente tipoloxía (narrativo, descritivo, dialogado, expositivo, argumentativo, xornalístico, publicitario).</p> <p>Tamén se busca que o alumnado sexa capaz de realizar traballos simples (individualmente ou en grupo) nos que teña que usar medios tecnolóxicos de maneira responsable e seleccionar a información que sexa pertinente.</p>	10	15	X	X	X
4	A literatura galega ata o s XIX	<p>Mediante esta unidade didáctica estudarase, ao longo de todo o curso, a literatura galega ata o século XIX, tratando de que o alumnado coñeza e valore a súa propia tradición literaria.</p> <p>Tamén se incluírá a lectura dun libro por avaliación para fomentar a lectura autónoma.</p> <p>1ª avaliación: A literatura galego-portuguesa medieval (cantiga de amor, cantiga de amigo, cantiga de escarnio, xéneros menores, lírica relixiosa e prosa medieval).</p> <p>2ª avaliación: a literatura dos séculos XV-XVIII, o Prerrexurdimento e o Rexurdimento, Rosalía de Castro e Curros Enríquez.</p> <p>3ª avaliación: Eduardo Pondal e a narrativa do XIX.</p>	30	24	X	X	X
5	Estudo da lingua galega	<p>Nesta unidade didáctica traballarase sobre diferentes aspectos do funcionamento da lingua: ortografía, morfoloxía e sintaxe.</p> <p>1ª avaliación: a acentuación, as unidades lingüísticas, o acento diacrítico e a diérese,</p>	25	27	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Estudo da lingua galega	a palabra, os signos de acentuación e o substantivo. 2ª avaliación: Os signos de puntuación, o adxectivo, o uso de maiúscula e minúscula, os determinantes, o uso do H e o pronome. 3ª avaliación: o S e o X, o verbo, L, LL e Ñ, casos dubidosos (porque...), adverbios, preposicións e conxuncións, os grupos consonánticos e a sintaxe.	25	27	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	As linguas e os seus falantes	24

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumno/a debe coñecer a historia da súa lingua e obter, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.	PE	80
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumno/a debe valorar a riqueza lingüística do Estado español e obter, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumno/a debe identificar os prexuízos lingüísticos existentes, tratar de evitalos e obter, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumno/a debe coñecer o léxico tradicional e demostrar que o sabe usar adecuadamente obtendo, nunha proba escrita, a metade da puntuación outorgada a este CA.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumno/a debe entender que para cada propósito existe un rexistro determinado e saber usalo e recoñecelo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumno/a debe entender o funcionamento da lingua e poder usar autonomamente dicionarios e gramáticas		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumno/a debe ser capaz de elaborar traballos de investigación en diferentes soportes e adaptados ao seu nivel	TI	20
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumno/a debe poder revisar e mellorar os seus propios textos de maneira adecuada ao seu nivel		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas do portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos, interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	A comunicación oral	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumno/a debe ser capaz de comprender o sentido e a intencionalidade dun texto oral adecuado á etapa educativa.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumno/a debe ser capaz de facer exposicións orais previamente preparadas de entre 2 e 3 minutos de duración.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumno/a debe poder participar de maneira medianamente fluída en conversas con outros compañeiros/as ou profesores/as.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumno/a debe detectar e corrixir usos discriminatorios da lingua e elementos non verbais inadecuados.	TI	100
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal coma no educativo e no social.	O alumno/a debe tratar de recorrer ao diálogo para resolver calquera tipo de conflito que puidera presentárselle.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumno/a debe interpretar correctamente o sentido de textos de certa complexidade adecuados ao seu nivel		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumno/a debe poder seleccionar de maneira autónoma lecturas que se adecúen ao seu nivel		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumno/a debe ser capaz de enriquecer os seus propios textos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos texto
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do tex
- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escucha activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
3	A comunicación escrita	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumno/a debe poder facer traballos de investigación adecuados á etapa formativa.	TI	100
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumno/a debe comprender o sentido dun texto escrito adecuado á etapa formativa.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumno/a debe ser capaz de elaborar textos escritos coherentes e escritos nun rexistro adecuado.		
CA2.6 - ocalizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumno/a debe ser capaz de buscar e seleccionar información para a elaboración de tarefas adecuadas á súa etapa formativa.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumno/a debe usar de maneira responsable as tecnoloxías dixitais		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumno/a debe interpretar correctamente textos escritos de certa complexidade, pero sempre adecuados á súa etapa formativa.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumno/a debe ser capaz de facer unha valoración crítica do contido de textos escritos de certa complexidade.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc).	O alumno debe poder elaborar textos incorporando elementos que poidan enriquecelos, como o infinitivo persoal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e ris-cos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
4	A literatura galega ata o s XIX	24

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumno/a debe poder ler, de maneira autónoma, textos literarios actuais e adaptados á súa etapa educativa.	PE	50
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumno/a debe coñecer a historia da literatura galega e das súas obras e autores/as máis salientables o suficiente como para obter a metade da puntuación nunha proba escrita que avalíe este CA.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumno/a debe ser capaz de comprender de maneira adecuada obras pertencentes ás etapas estudadas e de relacionalas entre elas e co seu contexto o suficiente como para obter a metade da puntuación nunha proba escrita que avalíe este CA.		
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumno/a debe ser capaz de realizar exposicións orais previamente planificadas sobre temas relacionados coa historia da literatura galega	TI	50
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumno/a debe ser capaz de participar en debates acerca da historia da literatura galega e/ou de autores importantes dentro da mesma		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumno/a debe ser capaz de compartir cos seus compañeiros/as a súa propia experiencia lectora.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumno/a debe ser capaz de crear obras con intención literaria, orixinais ou imitando os recursos e temas propios da etapa estudada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co círculo literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
5	Estudo da lingua galega	27

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado debe coñecer o funcionamento da lingua e resolver exercicios adecuados á súa etapa educativa deseñados para medir ese coñecemento. Nas probas específicas debe obter, como mínimo, a metade da puntuación total das mesmas.	PE	70
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado debe poder revisar os textos propios mellorándoos minimamente e explicar que cousas cambia e por que.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se poidan detectar erros debidos á falta da revisión apropiada	TI	30
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado debe poder entender que diferentes eleccións lingüísticas obedecen a diferentes propósitos comunicativos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos bási-cos. A aposición. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxión) - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as

Contidos

- relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Na ESO, a materia de Lingua Galega e Literatura busca profundar nos coñecementos xa adquiridos durante a Educación Primaria. Igualmente, pretende favorecer as competencias que lle permitan a este escoitar, falar, ler e escribir con adecuación, corrección e creatividade. Por iso a metodoloxía didáctica será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes. E nos cursos de bacharelato a metodoloxía favorecerá o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación así como o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes. Nesta etapa afondarase nas catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) dun xeito integrado e daráselle prioridade a aquelas competencias máis deficitarias do alumnado.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura, seguiranse as orientacións metodolóxicas que pasamos a enunciar:

-A metodoloxía será dinámica e participativa. Así fomentarse e primarase a aprendizaxe por descubrimento e experiencia que dinamiza o grupo-clase e recorrerase menos ás exposicións maxistras que poden levar á recepción maquinal de contidos que se asimilan sen a máis mínima reflexión. Por outra banda, consideramos que o traballo individual é preciso en actividades que serven para asentar coñecementos concretos (ortografía, gramática etc.) e tamén noutras que favorecen o autoconhecimento e a expresión dos propios sentimentos (expresión da propia opinión, creación de textos de intención literaria etc.), mais a sociedade actual demanda cada vez máis cidadás, cidadáns e profesionais que saiban traballar de modo colaborativo, de aí que se traballe tamén con actividades ideadas para seren resoltas en pares, en pequenos grupos ou en gran grupo xunto con outras que implican ao grupo-clase. Tamén se levan a cabo actividades que admiten outro tipo de agrupamentos segundo o criterio do/da docente. Se ben para este mester é necesario dispor de aulas amplas ou cun número non excesivo de alumnos, o que non adoita acontecer no noso centro.

-Adoptar un enfoque principalmente comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade fundamental que favoreza o emprego do idioma, tanto oralmente como por escrito, en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso rexeitar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico nin renunciar ao dominio das normas e usos gramaticais. Isto lévanos á aprendizaxe a través das competencias, isto é, do saber facer e non só do saber; tal como se recolle na LOMCE e como recomendan as directrices educativas da Unión Europea.

As principais apostas a nivel educativo da Unión Europea son o reforzo de programas que faciliten a aprendizaxe ao longo de toda a vida e o paso da adquisición de conceptos (saber) á adquisición de competencias (saber facer). Esta aprendizaxe ao longo de toda a vida está intimamente relacionada coa posta no punto de mira das competencias clave. Aprender durante todo o noso periplo vital significa estarmos dispostos/as a nos adaptar a novos modelos de aprendizaxe e a novos coñecementos en función das nosas necesidades persoais, sociais, laborais etc., dado que a aprendizaxe das competencias -nomeadamente da lingüística- será constante ao longo de todo o noso percorrido vital.

-Integrar nas unidades ferramentas TIC, a través de actividades que obriguen á busca e ao procesamento de información a través de internet e doutras fontes documentais utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información e axudándolle a desenvolver a súa capacidade crítica con respecto a ela, dado que a sociedade actual require a capacidade de enfrontarse a unha grande cantidade de información.

-Traballar de maneira coordinada co profesorado de cada grupo, co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo. Estas liñas metodolóxicas xerais, coincidentes co que se enuncia no Decreto,

concrétanse en estratexias, medidas e accións coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos de cada etapa. Achegamos a continuación unha relación esquemática -non exhaustiva- que dá conta dalgunhas desas estratexias, medidas e accións:

1. Actividades diversificadas e organizadas por niveis de dificultade de modo que fomenten a autonomía dos alumnos e estimulen a iniciativa persoal.
2. Actividades que impliquen participación, tanto a nivel individual como en parella ou en grupo reducido, de xeito que favorezan o intercambio respectuoso de ideas e o espírito crítico e cooperativo.
3. Aprendizaxe cooperativa, tanto en actividades dos propios libros de texto coma en proxectos específicos que o profesorado propón, este tipo de aprendizaxe permite ao alumnado traballar máis dunha competencia ao mesmo tempo. En todos os casos, estes traballos deben ser pautados polo docente, tanto para a súa elaboración como para a presentación dos mesmos.
4. Aprendizaxe-investigación fóra da aula que favorece a iniciativa emprendedora e aproxima o alumnado á realidade social e cultural da súa contorna.
5. Atención necesaria e específica á oralidade dado o perfil sociolingüístico do alumnado que, ademais, non percibe esta competencia como un dos aspectos fundamentais da materia.
6. Modelo discursivo e expositivo combinado co modelo máis experimental: exemplos cotiáns, actividades prácticas e experienciais, descubertas a partir dos textos, etc.
7. Fomento da lectura na aula e fóra dela para tentar crear lectores e lectoras competentes e implicados no proceso de lectura: textos literarios e non literarios, escritos ou orais. Os libros de lectura deben axeitarse á idade dos alumnos e alumnas e na medida do posibles aos seus gustos.
8. Fomento da creatividade (contos, poemas, etc.) e participación en concursos, revistas ou outros soportes.
9. Promoción da consulta de fontes de información, tanto en medios tradicionais coma aplicando as novas tecnoloxías.
10. Emprego de recursos do propio centro (biblioteca escolar, exposicións, etc.) e da súa contorna.
11. Mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica cando se detecten dificultades de aprendizaxe.
12. Propiciación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas propias actividades.
13. Fomento da tolerancia, promovendo un clima civilizado e de respecto nos diálogos, ideas, puntos de vista, actitudes, crenzas propias e alleas (educación en valores).

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO DE TEXTO: Lingua galega e literatura, 3º ESO, editorial Anaya. ISBN 9788469878002
Exercicios e actividades elaborados polo propio docente
Selección de textos literarios (poéticos, narrativos e teatrais) para a súa lectura e análise
Libros de lectura
Libros e obras de consulta da biblioteca

Prensa cotiá
Dicionarios en papel e dixitais
Páxinas web e blogs sobre aspectos literarios, históricos ou sobre temas de actualidade
Películas, curtametraxes e DVDs
Pizarra dixital

Todo o alumnado que cursa esta materia dispón de diversos tipos de dicionarios (lingua galega, bilingües, sinónimos e antónimos), manuais de consulta, material audiovisual e informático dentro da súa aula (as aulas teñen acceso a Internet). Na biblioteca escolar do centro, á parte do material informático (varios ordenadores de sobremesa), tamén teñen á súa disposición prensa escrita (diferentes xornais e revistas), outro material de consulta e numerosas obras literarias de ficción.

É indispensable que @ alumn@ dispoña do libro de texto fixado polo Departamento. Debe asistir á clase con el e dispoñer del na súa casa para o estudo e a realización das tarefas que, a partir do libro, se lle sinalen.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba de avaliación inicial para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e ao mesmo tempo poderemos detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

Canto ao modelo de avaliación inicial, empregárase un modelo de proba bastante parecido en todos os cursos, pero centrándose no grao mínimo esixible en cada un dos cursos. A proba constará das seguintes partes:

-Avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto, habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral.

-Cuestión sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: lingua, sociolingüística e literatura.

-Cuestións de tipo máis persoal que axuden a descubrir as potencialidades do alumnado: preferencias, afeccións, aptitudes... Todo aquilo que nos axude a deseñar actividades que poidan ser do seu agrado e así conseguir a súa motivación.

-Breve cuestionario sobre o uso da lingua galega nos diferentes ámbitos: familiar, educativo...

Esta avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar as deficiencias máis evidentes en canto ás destrezas lingüísticas máis básicas: entender, expresar, ler e escribir. A partir desta información deseñaremos as actividades para o desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	10	10	30	25	100
Proba escrita	80	0	0	50	70	52
Táboa de indicadores	20	100	100	50	30	48

Cráterios de cualificación:

Ao longo do curso haberá tres sesións de avaliación. En cada unha delas concederáselle o valor concreto e detallado a cada procedemento e instrumento de avaliación aplicado a cada competencia avaliábel.

A puntuación mínima esixida para superar a avaliación será de 5 puntos, que, no caso de 3º de ESO, se obterán do xeito seguinte:

-O 80% da puntuación de cada avaliación virá das probas escritas (polo menos unha por avaliación) realizadas sobre as UD das que consta o curso. O peso de cada unha delas está detallado no apartado 3 desta programación.

Neste 80% está incluído un libro de lectura por avaliación que forma parte, como xa se indicou, da UD número 4. Comprobarase que o libro foi lido e entendido polo alumnado mediante un control de lectura ou un traballo sobre o mesmo. Cabe engadir que o profesorado da materia pode optar por un único título para todo o alumnado ou por unha lista de libros, máis ou menos estensa, para permitir que cada rapaz/a escollo un.

-O 10% da puntuación virá da UD número 2 e avaliará a competencia en comunicación oral mediante unha exposición oral sobre un tema predeterminado. A rúbrica para corrixila será coñecida polo alumnado.

-O 10% da puntuación virá da UD número 3 e avaliará a competencia en comunicación escrita. Esta porcentaxe abarcará tanto a elaboración de texto escrito como a realización de pequenos proxectos. As rúbricas para corrixilos serán coñecidas polo alumnado.

Cómpre engadir que o alumnado desenvolverá todas as tarefas desta materia en lingua galega e, no caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada unha, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que no caso de 3º de ESO non superará 1 punto de rebaixa.

A nota final ordinaria obterase a partir da media aritmética da cualificación das tres avaliacións. Non se modificarán as porcentaxes para non alterar o peso de cada CA, tanto en cada avaliación como na cualificación final.

A fin de curso, antes da avaliación ordinaria, haberá unha última proba para permitir a aqueles alumnos/as que non acadaron as CA necesarias para superar o curso poidan facelo. A cualificación que obteñan nesta proba suporá o 100% da nota final.

Cráterios de recuperación:

Unha vez feita a primeira avaliación, aplicaráselle medidas de reforzo a todo aquel alumnado que se vexa susceptible de ter dificultades para seguir con éxito a materia. Non obstante, se se ve que o alumno/a non acada o aprobado por motivos asociados á súa actitude (o máis frecuente é que non entrega as tarefas pedidas e que non acada o mínimo esixido nas probas escritas) ou está moi cerca de conseguir superar a materia (estamos falando de suspensos altos, cualificacións que rondan os 4 puntos) esperarase á segunda avaliación porque soe tratarse de persoas que unicamente necesitan adaptarse á marcha do curso.

Para aquel alumnado que non consegue superar as diferentes avaliacións a pesar das medidas de reforzo que se lle aplicaron durante o curso deben habilitarse diferentes opcións. Neste caso cabe insistir no feito de que, ao coincidir novamente (como xa ocorrera no pasado ano) a 3ª avaliación ordinaria e mais a extraordinaria, non contaremos cun tempo para dedicarlle unicamente ao alumnado suspenso.

Nesta situación cómpre realizar as avaliacións finais de todo o alumnado (aprobado e suspenso) de maneira que queden días para permitir que aqueles/as rapaces/as que teñan toda a materia sen superar, poidan obter o aprobado realizando, polo menos, un exame xeral que suporía o 100% da nota. Esa porcentaxe reduciríase ao 90% se o alumno/a fixo correctamente as actividades de reforzo que se lle foron subministrando durante o curso.

En caso de rapaces/as que teñan un suspenso derivado do pouco traballo feito durante o curso, o profesor/a da materia, a fin de facilitar que poidan acceder ao aprobado, pode tamén permitir que se entreguen, nestes últimos días, as tarefas, exposicións... que ou ben non se fixeron durante o curso ou ben foron elaboradas descoidadamente e presentan multitude de erros.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Dado que a materia de 3º da ESO pode considerarse como unha ampliación da de 2º, a excepción da parte de educación literaria, o alumnado seguirá o ritmo habitual da aula e, se aproba a do curso superior, considerarase que adquiriu os coñecementos suficientes como para superar tamén o anterior.

De todos modos, terá á súa disposición, na Aula virtual, exercicios suplementarios por se fosen necesarios; a realización de traballo extra será valorado positivamente sempre e cando acaden os mínimos esixidos.

A materia suspensa será cualificada de maneira trimestral e a nota obtida será igual á do curso superior; a nota mínima esixida para lograr o aprobado é de 5 puntos.

En caso de que un alumno/a non aprobe o curso superior, a fin de curso terá, ademais dun exame para superar o curso actual, outro que lle permita, canto menos, aprobar a materia suspensa anterior.

6. Medidas de atención á diversidade

Tanto polo seu nivel académico coma polos seus intereses e grao de motivación, polo seu ritmo de traballo e estilo de aprendizaxe, polos coñecementos previos, experiencias, etc. os alumnos e alumnas son moi diversos. Por iso os docentes debemos educar en e para a diversidade en cada grupo-clase do centro educativo.

Por outra parte, cada vez máis, contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Segundo o Decreto 86/2015 debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas:

- Con dificultades específicas de aprendizaxe.
- Con trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Con altas capacidades intelectuais.
- Obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Con condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Para poder incorporar ás aulas toda esta variedade de alumnado, contaremos co asesoramento e colaboración do Departamento de Orientación e co equipo docente. Decidirase así que alumnado da ESO precisa dunha Adaptación Curricular, que alumnado precisan da profesora de Apoio, en que cursos é máis necesario facer desdobres e que alumnado precisa dun seguimento máis individualizado para podermos facilitar a súa mellora académica.

Todas estas medidas axudan a conseguir que o alumnado que as recibe poida alcanzar os obxectivos programados, pero está claro que ás veces son insuficientes porque para atender adecuadamente todas as realidades que atopamos na aula precisamos ratios moito máis reducidas que as actuais. Así e todo, as medidas de atención á diversidade (apoios, programas de reforzo, desdobres, etc.) son as que dan un plus de calidade a un sistema educativo público.

Polo que respecta ás medidas de aula, é o profesorado quen debe planificar outras estratexias e actividades e en colaboración co equipo docente e atendendo ás pautas indicadas polo Departamento de Orientación- que faciliten a integración das alumnas e alumnos con necesidades específicas e axuden á consecución dos obxectivos previstos; entre estas medidas cabe salientar:

- Traballo en proxectos que faciliten a integración.
- Tarefas en grupo (agrupamentos variados e flexibles).
- Recursos complementarios de reforzo e ampliación, orientados ao perfil do alumno.

- Utilización dos materiais de diversificación que inclúen os proxectos editoriais.
- Medidas de intervención que traten de paliar as dificultades inherentes ao trastorno diagnosticado, tendo en conta o informe da avaliación psicopedagóxica.
- Control de apuntamentos e axenda e asemade recordatorio da entrega de tarefas, datas de controis, etc.)
- Atención especial nos exames: marcar claramente e mesmo destacar- as preguntas e as diferentes ordes, controlar que se entenden as instrucións, tempo extra, etc.
- Lecturas guiadas nos temas de contidos -na aula ou fóra dela- coas anotacións oportunas, esquemas, resumos, etc.
- Tarefas de recuperación adaptadas.
- Disposición `adecuada¿ ás necesidades no espazo da aula: lugar da mesa e compañeiros.
- Potenciación de actividades voluntarias para alumnos con intereses ou capacidades altas.
- Outras que o profesorado e/ou equipo docente considere para cada caso concreto.

De se dar o caso de contarmos entre nós con alumnado que estea diagnosticado con Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) ou con Trastorno do Espectro Autista poñeremos a funcionar os protocolos de actuación específicos que están deseñados e publicados pola Consellería de Educación ([www.educonvides.gal/PROGRAMACIO¿ N \(2ª fase\).docx](http://www.educonvides.gal/PROGRAMACIO%20N%20(2%20fase).docx)) e que sintetizamos aquí:

PROTOCOLO DE CONSENSO SOBRE TDAH

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/12908>

Orientacións para a intervención psioeducativa:

- Escolarizar o alumnado con TDAH nas aulas ordinarias, desenvolvendo as medidas de atención á diversidade adaptadas ás súas necesidades.
- Ter en conta as medidas de atención á diversidade recollidas no Plan de Atención á Diversidade e no Plan de Convivencia do centro educativo.
- O alumnado con TDAH debe estar sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda.
- Adaptar o currículo ás capacidades, estilo de aprendizaxe e necesidades do alumnado.
- Utilizar apoios e reforzos visuais na instrución oral.
- Adaptar as probas de avaliación (preguntas curtas e claras, exame oral, máis tempo, un por día, deixar suficiente espazo entre as preguntas, pedir que o revise antes de entregalo).
- Uso da axenda: anticipar datas de exames, material a utilizar, contidos, datas traballos, etc.
- Empregar o reforzo positivo ante a boa conduta e non so o castigo.

PROTOCOLO TRATAMENTO EDUCATIVO DO ALUMNADO CON TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/18477>

Orientacións para a intervención psioeducativa:

- A escolarización debe realizarse, preferentemente, en centros ordinarios.
- O rexistro nunha axenda das tarefas que ten que facer e dos materiais que precisa, garantindo a coordinación do profesorado e da familia.
- O apoio visual permanente e coherente, que clarifique as explicacións.
- A utilización dunha linguaxe clara, precisa (de poucas palabras) e sen uso de dobres sentidos, sentidos figurados ou ironías.
- A garantía de que se comprenden as ordes e normas xerais da aula, o que, ás veces, require dirixirse explicitamente ao alumnado e adaptarse ao seu nivel de comprensión.
- Reducir o nivel de complexidade das actividades, e que teñan un principio e un fin claros.
- Empregar reforzadores suficientemente poderosos e recoñecer pequenos logros adquiridos, para manter motivado o alumnado.
- Adaptar as probas de avaliación (preguntas curtas e claras, exame oral, máis tempo, un por día, deixar suficiente espazo entre as preguntas, pedir que o revise antes de entregalo).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual		X	X	X	
ET.4 - Competencia dixital		X	X		
ET.5 - Emprendemento social e empresarial		X	X		
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico		X	X	X	
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade		X	X		

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades de celebración do Samaín	Creación e lectura de relatos e poemas, realización e presentación de vídeos con esta temática, postas en escena no Salón de Actos, exposicións na Biblioteca de textos variados			
Actividades de celebración do Nadal	Cantos de Panxoliñas, Cantos de Reis, creación e lectura de relatos, postas en escena no Salón de Actos			
Celebración das Letras Galegas	Análises d@ autor/ra homenaxead@ dende diferentes ópticas, concursos, recitais, realización e presentación de vídeos, postas en escena no Salón de Actos			
Participación en certames literarios	Cabe comentar que os certames literarios en que participa o noso alumnado poden ser organizados polo propio centro ou fóra del.			
Asistencia a espectáculos teatrais fóra do Centro	Esta actividade depende, como é obvio, da oferta coa que contamos.			

Observacións:

Estas actividades serven en todos os casos para traballar os estándares de aprendizaxe concretos e transversais que se desenvolven ao longo do curso. A maioría destes estándares están presentes en cada unha das actividades. Ademais axudan a desenvolver as competencias e destrezas tales como a Comunicación Linguística (Expresión Escrita, Expresión Oral, Comprensión Oral e Escrita) Aprender a Aprender e Traballo en Grupo).

É un xeito de traballar e aprender dunha forma motivadora. Sempre que realizamos estas tarefas observamos entusiasmo, ganas e motivación. Estas tarefas axudan á eliminación de prexuízos e a traballar en equipo. Neste Centro son moitas e variadas as actividades extraescolares levadas adiante e, como vemos a boa aceptación e o alto grao aprendizaxe por parte de alumnado e profesorado, seguimos adiante e intentando mellorar día a día, non obstante aínda que temos previstas algunhas das actividades, ímolas deseñando en cada trimestre dependendo das posibilidades que teñamos. Supón un enorme esforzo para o persoal docente a realización das mesmas e non só depende da súa dispoñibilidade, son moitos os factores externos que poden determinar a realización das mesmas, por iso preferimos ser previsores e ilas deseñando pouco a pouco guiándonos polo desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe, polos gustos do alumnado e polas posibilidades económicas e de dispoñibilidade de todas as partes participantes.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os resultados académicos foron satisfactorios.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Conseguíuse un ambiente motivador na aula.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
Participouse no Plan lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analízalas e comentalas na clase.
Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensinoaprendizaxe das fillas ou fillos.
Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

Ao finalizarmos cada unha das avaliacións faremos unha análise dos resultados acadados en todos os cursos e, de ser preciso, estudaremos as posibilidades de mellora para poñérmolas en práctica se for posible.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A xefa de departamento da materia de Lingua galega e Literatura elaborará, ao rematar cada curso escolar, a correspondente memoria de departamento esixida por lei e, a partir dela, o Departamento extraerá os datos pertinentes e concretará as propostas de mellora que se consideren necesarias.

Tamén parece conveniente comparar os resultados obtidos nesta materia cos das outras (sobre todo as materias do bloque lingüístico) por se se tivese que facer algunha corrección tanto nos contidos como na metodoloxía empregados.

Finalmente, sempre é adecuado atender as suxestións que nos poidan facer dentro da comunidade educativa: os propios compañeiros/as, o equipo directivo, as familias e, por suposto, o alumnado.

9. Outros apartados